

ESQUEMA-RESUMO GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

1936-1939

- **GUERRA CIVIL ESPAÑOLA:** conflito bélico, entre 1936 e 1939. O máis trágico dos sucesos acontecidos en España durante o século XX. Enfrontou a dous bandos, os sublevados contra a República, e os defensores da mesma, e puxo fin ao primeiro intento democratizador e modernizador de España, así como o inicio dunha ditadura militar, de carácter persoal, que durou case 40 anos.
- **DATAS:** do 18 de xullo de 1936 (Golpe de Estado que se transformou en guerra civil), ata o 1 de abril de 1939 (rendición da república e triunfo dos franquistas).
- **CONTENDENTES:**

A). Os sublevados:

- Contrarios á República e a toda a súa obra reformadora, cun ideario fascista no que destaca a extrema violencia.
- Trama militar e civil.
- Apoio de todas as forzas políticas de dereitas, da Igrexa, dos grandes capitais e dos grandes terratenentes.
- Apoio internacional da Alemaña nazi e da Italia de Mussolini.
- Vencedores da guerra.

B). Republicanos:

- Representan a legalidade do Goberno democrático da República.
- Apoio das forzas de esquerda e sindicatos, dunha parte do exército, obreiros, pequenos campesiños e xornaleiros, estudantes, pequena burguesía e intelectuais.

- Apoios exteriores: a URSS e as Brigadas Internacionais.
- Perdedores da guerra.

- **CAUSAS:**

A). REMOTAS:

- A maneira de levar a cabo a revolución liberal en España
- A actitude e mentalidade do exército, sobre todo a partir de 1898.
- A escasa modernización ideolóxica e económica do país.
- Influencia das ideoloxías dominantes no contexto europeo: nazismo, fascismo e comunismo.

Todas elas levan a unha extraordinaria radicalización social e política, e á Guerra Civil.

B). PRÓXIMAS:

- A crise económica e social internacional dos anos 30: levou a adopción de medidas políticas extremas, como os totalitarismos europeos, o fascismo.
- O “motivo intencional” dunha parte do exército: intención de iniciar unha guerra que puido terse evitado.
- O deterioro da orde pública durante o período republicano: actos violentos e atentados políticos; conspiración militar desde os inicios da II República española.

- **ETAPAS:**

- **1ª ETAPA:** xullo-décembro 1936. Unificación de Andalucía Occidental con Castela.

- **2ª ETAPA:** xaneiro 1937-decembro 1938. Liquidación da fronte norte; Batalla do Jarama; ofensiva de Aragón e Batalla do Ebro.
- **3ª ETAPA:** decembro 1938-abril 1939. Ocupación de Cataluña; golpe de estado de Casado na zona republicana; fin da guerra coa toma de Madrid e rendición final dos republicanos.

- EVOLUCIÓN POLÍTICA DAS DÚAS ZONAS:

A). ZONA REPUBLICANA: revolución social, poder popular e ruptura política. Tres gobernos:

- José Giral: xullo-setembro 1936.
- Largo Caballero: setembro 1936-setembro 1937.
- Juan Negrín: setembro 1937-marzo 1939.

B). ZONA INSURRECTA: construción dun estado totalitario. Franco asume todos os poderes.

- CONSECUENCIAS DA GUERRA:

a). Sociais: Enorme mortalidade: máis de medio millón de mortos, 300.000 deles nas retagardas; exilio de milleiros de persoas; represión e medo; trauma social de medo, dor e odio. Fame e racionamento.

b). Culturais: exilio dos principais intelectuais (Xeración do 27...); retroceso cultural; censura.

c). Políticas: illamento internacional; creación dun estado totalitario, sen liberdades. Fin da primeira experiencia democrática en España. Represión da oposición política.

d). Económicas: desastre económico; difícil reconstrucción, destrucción de fábricas, cidades, campos e infraestruturas. Racionamento e autarquía nos primeiros anos da ditadura.